

ACCESO A PLATAFORMA EDUCATIVA DE FORMACIÓN PROFESIONAL A DISTANCIA (FP A DISTANCIA)

1. ACCESO A PLATAFORMA EDUCATIVA DE FORMACIÓN PROFESIONAL A DISTANCIA (FP A DISTANCIA)

A maior parte do alumnado, xa tedes creada unha conta de usuario do dominio @edu.xunta.gal, derivada do uso da aplicación informática que empregastes no proceso de admisión, cun contrasinal que vos mesmos lle asignastes.

SITUACIÓN 1:

Xa tes a túa conta de usuario do dominio @edu.xunta.gal (ou edu.xunta.es) Para acceder á plataforma educativa de formación profesional a distancia, escribe no teu navegador a seguinte dirección: <https://www.edu.xunta.gal/fpadistancia> escribe nome de usuario e contrasinal, e accede a FP a Distancia.

SITUACION 2:

No caso de non lembrar o contrasinal da conta, debes acceder á aplicación <https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaOut.do> e cambiar o teu contrasinal na opción "modificar contrasinal".

SITUACION 3:

Soamente o alumnado que non tedes creada a conta de usuario durante o proceso de admisión ou ben non dispoñedes dunha conta edu.xunta.gal por outros motivos, seredes os que recibades un correo electrónico coa indicación de crear unha conta de usuario. **(SITUACION 4)**

Se non recibides o correo, é aconsellable comprobar o cartafol SPAM, xa que en ocasións certos xestores de correo o moven a esa localización.

No caso de non recibir este correo electrónico, debes poñerte en contacto coa Unidade de Atención a Centros (UAC) a través do teléfono: 881 99 77 01, ou ben do correo electrónico uac@edu.xunta.es, para que verifique o voso caso particular.

SITUACIÓN 4:

Non tes a dirección de correo da consellería activada. Probablemente tes unha mensaxe no teu correo particular, do estilo:

Comunicámoslle que segundo os datos que figuran na base de dato da *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, solicitouse a creación dunha conta de correo personal.

Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestiónContain.do?operacion=alta>

Debe realizar a activación cos seguintes datos:

Código de activación : |

Pois ben, pica no enlace anterior e introduce o DNI e o código de activación (PIN)

Unha vez completado o proceso de activación seguindo as instrucións recibidas, **nun prazo de 48 horas** podes acceder aos módulos profesionais nos que estás matriculado/a a través da Plataforma Educativa de Formación Profesional a Distancia (www.edu.xunta.gal/fpadistancia) *autenticándose por medio do teu usuario e contrasinal do correo electrónico de @edu.xunta.gal* seguindo os pasos da **SITUACIÓN 1**.